



## ***De relatos, de imaxe e palabra, de cómic, de Castelao, de Isaac Díaz Pardo...***

### **Guión de traballo-Cousas de Castelao**



Isaac Díaz Pardo coñeceu a Castelao sendo un rapaz. O escritor, pintor e político rianxeiro frecuentaba o círculo de amigos do pai de Isacc, como moitos outros intelectuais destacados dos anos 20 e 30. Estes serán referentes imprescindibles na súa formación. Partindo da lectura de *Cousas*, imos coñecelos e homenaxearlos.

### **Obxectivos**

A lectura deste trimestre pretende unir estes obxectivos:

- a lectura de imaxes e palabra nas *Cousas* de Castelao,
- a adaptación das *Cousas* ao cómic, imitando o que Isaac Díaz Pardo fixera nos seus Cantos de cego.
- a posta en valor de Castelao e de Isaac Díaz Pardo, dous dos intelectuais máis relevantes da historia da cultura galega.
- a participación no proxecto interdisciplinario sobre Isaac Díaz Pardo na ampliación dos actos que conmemoran o centenario do seu nacemento: o 22 de agosto de 2020.
- a conmeración do centenario da revista *Nós*, pertencete ao Grupo *Nós*, que é a xeración á que pertence Castelao.

### **Tarefa**

1. Responder o cuestionario ***A nosa historia na cerámica de Sargadelos*** a través do Classroom.

**Valorado en 0,5 puntos.**

**Data de entrega:** venres 30 de abril ás 18:00h

2. Lectura de ***Cousas***:

- a. Responder as preguntas que se indican na guía de lectura da obra. Podedes entregalas escritas a man ou a ordenador. **(1 punto)**
- b. Realización dun cómic sobre un dos relatos escollidos. O nome debe figurar na parte de atrás do folio ou cartolina que empreguedes **(1 punto)**

**Entrega en man o mércores 12 de maio.** Do cómic teredes que enviar, ademais, fotografía polo Classroom.

Esta segunda parte da tarefa, se a entregades con antelación, pode chegar a subir ata 0,2 puntos (dependendo como estea realizada; non se trata de entregar por entregar).

Revisade a corrección lingüística: presentación, ortografía, cohesión, etc.